CES RX2024E112
08/11/2024

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Asunto: Certificado das organizacións agrarias máis representativas

ANTECEDENTES

O día 30.10.2024 o presidente do CES remitiu un escrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural no que indica que o artigo 7.2.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, sinala que os membros do Consello correspondentes ao sector agrario será propostos polas *organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia.*

Nel informa que o CES non ten capacidade para decidir cales son as organizacións ás que se refire o artigo 7.2.a) antes citado, polo que solicita desta Secretaría Xeral Técnica a emisión dun certificado sobre as organizacións profesionais agrarias máis representativas (En termos do artigo 4.1.e) da Lei 1/2006, do 5 de xuño, pola que se crea o Consello Agrario Galego) ou, en termos da Lei 6/1995 citada con maior implantación en Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego regula no seu artigo 4 a composición do Consello Agrario Galego, que está integrado por 24 membros. Sen prexuízo dos membros propios da Administración autonómica de Galicia, se regulan como membros do Consello Agrario Galego, no artigo 4.1, letras e) e f), os seguintes:

e) Oito vocais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia.
f) Catro vocais en representación da asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego. Para estes

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio administrativo núm. 1 de San Caetano, 1ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
sxt.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

CVE: jQ9EsdEC4pg1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

efectos, considerarase como tal a asociación que conseguise o maior número de representantes nas últimas eleccións aos consellos reguladores de Galicia.

A Disposición transitoria única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, prevé, baixo a rúbrica de "Representatividade das organizacións profesionais agrarias":

"Para os efectos do disposto no apartado e) do artigo 4.º, e en tanto non sexan convocados novos procesos electorais, terán a consideración de organizacións profesionais agrarias máis representativas aquelas que concorreron ás eleccións a Cámaras Agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 e alcanzaron unha porcentaxe de votos superior ao 15 por 100, distribuíndose os Vogais de forma paritaria entre todas elas".

Do conxunto da normativa citada, e para os efectos de concretar cales son os membros que se poden considerar como membros dese consello, previstos no artigo 7.2.a) da Lei 6/1995, **certifico** que:

1) A representación das entidades previstas na letra e) do artigo 4.1. da Lei 1/2006, do 5 xuño, corresponde a:

1.1 O Sindicato Labrego Galego (SLG).
1.2 Unións Agrarias (UUAA)

2) A representación da entidade prevista na letra f) do artigo 4.1. da Lei 1/2006, do 5 xuño, corresponde a:

A Asociación Agraria de Galicia (ASAGA)

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro

Asinado por: ATAN CASTRO, JORGE
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 06/11/2024 19:17:14

CVE: IQ9EsdEC4pg1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Sistema Único de Rexistro

Xustificante de envío Nº: 2024/2588119

De: Consellería do Medio Rural
A12017220 - Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural

Número: 2024/2588119

Data envío: 07/11/2024 10:59:44

Para: Consellería de Facenda e Administración Pública
A12009390 - Consello Económico e Social de Galicia (CES)

Información do envío

Asunto: CERTIFICADO DAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS MÁIS REPRESENTATIVAS

Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
Contestacion_ao_CES_sb_OPAS.pdf		Orixinal	7ae31ed83f196ce62f4bf8cac78d5dc972f30bbfcb3aa30cb447eafd30ce78d3

CVE-REXEL: XGREX-b675aea2-5918-321e-895d-38433ba29b04
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado por: SISTEMA UNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA
Data e Hora: 07/11/2024 10.59.47